

# Almanaque Lírico

ARMANDO REQUEIXO  
armando.requeixo@hotmail.com



CALENDARIO POÉTICO  
XOÁN NEIRA  
Edicións Embora

eo estes días o *Calendario poético* co que saúda o novo ano o lucense Xoán Neira, un álbum ilustrado por María Brenn que pon a nota de cor a este singular almanaque lírico publicado por Edicións Embora.

Unha dúzia de poemas para outros tantos meses van compoñendo este 'largo tren' de 'vagóns' que comeza por xaneiro e remata en decembro. E en cada un deles Neira recrea lizgairo unha estampa característica servíndose da fórmula romanceada. E velaí como o ano principia coa 'estrea de promesas e ilusións', vai indo dos 'días grises e revoltos' ao 'tempo morno' no que 'canta o cuco no val' para logo vestir 'de flores os xardíns', deixar ir o 'rebumbio de bolboretas' e tocar á porta do verán para que choutemos por riba das fogueiras do San Xoán e gocemos dos 'días azuis de vento mareiro' antes de que chegue 'setembro de lúas grandes' e 'outubro no corazón do outono' e, logo do 'mes das castañas', pórle fin á rolda co Nadal de 'familia reunida arredor dunha mesa'.

Neste ir de mes en mes trazando meteoroloxías e remudando as estacións coa súa correspondente fauna e flora, Neira aproveita para salientar diferentes efemérides culturais, festas tradicionais ou conmemoracións sociais que se dan ao longo do ano. Iso si, sen ningún tipo de concesión ás celebracións comerciais, praga mercadotécnica de consumismo feroz e irracional. E velaí como son lembrados, máis que acaidamente, o Día da Paz, Día da Lingua Materna, Día de Rosalía (que figura referido ao 23 de febreiro e que, nunha vindeira edición do libro, debería consignarse no 24, pois hoxe sabemos que ese foi o día certo do nacemento da poeta), Día da Muller, Día da Narración, Día da Poesía, Día da Arbore, Día do Teatro, Día do Libro Infantil, Día da Terra, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente, Día de Galicia, Día das Bibliotecas, Samaín, Día da Música e, por fin, a Chegada do Apalpador polo Día de Ano Vello.

Xustamente a introdución destas datas sinaladas, xunto á atinada descrición da cultura material e inmaterial dos meses en clave galega, fai deste *Calendario poético* un álbum ideal para traballar nas escolas, onde o profesorado ha poder ir introducindo ao alumnado en moitas cuestións formativas dun xeito lúdico a través do lirismo musical, pois se algo identifica a poesía de Neira é a súa innegable harmonía versal.

Neste sentido, a aprendizaxe



Xoán Neira

"Neira aproveita para salientar diferentes efemérides culturais, festas tradicionais ou conmemoracións sociais que se dan ao longo do ano. Iso si, sen ningún tipo de concesión ás celebracións comerciais, praga mercadotécnica de consumismo feroz e irracional"

esténdese tamén ao refraneiro popular e por iso coas poesías recórdanos que 'febreiriño vinte e oito, / é o mes máis curto de todos'; que 'Se a Candeloria chora / medio inverno vai fóra'; que 'Marzo, marzal / pola mañá, caríña de rosa / e pola tarde, cara de can'; que 'En abril, augas mil'; que 'San Migueliño das uvas maduras / verdes, douradas, moradas, / moito me tardas e pouco me duras'; que 'Polo San Martiño / peóns ao camiño' e que 'O verán de San Martiño / son tres días e un pouquiño'. Mesmo se

versiona o noso cantigueiro tradicional para recordarnos que 'Vai o maio pola viña / todo vestido de flores / cantándolle á primavera / boten maiolas señores!'

Moitos outros valores atesoura este *Calendario poético* de Neira. Poño por caso: a reivindicación ecolóxica ('Coedemos a natureza / pois coa contaminación / perde o seu equilibrio / e tolean as estacións / chámase cambio climático / pinta un futuro dramático') ou a constatación da mudanza das angueiras do agro (como cando en 'Maio' se describe que 'Xa canta o reiseñor / co seu canto tan fermoso / o paxaro do amor / que se fixo moi famoso / O que xa non se escoita / como cando eu era neno / é o canto máis humilde / do paspallás dos centeos'; ou cando en 'Xullo' se apunta que 'antes era o mes da sega / do cereal e da herba / para ter pan na artesa / e herba seca na palleira / diso agora pouco queda').

Remato xa, pero non quero facelo sen salientar as luminosas ilustracións de María Brenn, cheas de cores e formas dondas, de nenas ledas e nenos rexoubeitos, de rapazada que le, que xoga, que relouca e reflicte unha alegría de vivir contaxiosa que estou seguro de que atraparé a quen se achegue a este belido *Calendario poético* de Xoán Neira, lectura amiga para todo o ano.